



## ADMINISTRACIÓN LOCAL DIPUTACIÓN PROVINCIAL

O Presidente desta Deputación Provincial, mediante resolución presidencial num. 13235 de data 01 de outubro de 2010, aprobou as seguintes bases:

### BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DOS PREMIOS PROVINCIAIS DO PEQUENO COMERCIO 2010

#### 1. ANTECEDENTES

A Deputación de Pontevedra, seguindo coa súa premisa de apoiar o pequeno comercio da nosa provincia e baseando o seu traballo nos compromisos adquiridos cos representantes deste sector que están recollidos no Plan Director de Comercio 2009 – 2012, convoca a II edición dos Premios Provinciais do Pequeno Comercio no marco dos “encontros 2010. Gala Provincial do Pequeno Comercio”, unha reunión anual que supón a oportunidade para amosar aos concellos, agrupacións de comerciantes e comerciantes particulares que traballan por modernizar, promocionar, dinamizar e dar continuidade ao modelo de comercio tradicional, un merecido recoñecemento.

Tendo en conta o éxito da 1ª edición e despois dun ano no que ademais de poñer en marcha moitas das actividades demandadas e comprometidas no devandito Plan Director, visitamos as sedes de tódalas asociacións de comerciantes da provincia e mantivemos encontros cos seus técnicos e directivos para coñecerlas en profundidade, dende a Deputación de Pontevedra queremos ofrecer ás xentes do sector a oportunidade de compartir este espazo para seguir coñecendo o seu punto de vista sobre o traballo desenvolvido, as súas inquedanzas e propostas de futuro cun sector co que estamos profundamente comprometidos.

#### 2. OBXECTO DAS BASES

O obxecto das presentes bases é regular a concesión dos Premios Provinciais do Pequeno Comercio 2010, uns galardóns que queren impulsar o sector e que buscan que os pequenos comercios da nosa provincia sexan recoñecidos por proxectar unha imaxe e uns valores desexables como distintivo.

Para isto e para amosar publicamente o recoñecendo, premiaranse os seguintes aspectos:

- O traballo daquelas administracións locais que contribúen a que os centros urbanos das vilas da provincia de Pontevedra sexan máis atractivos, dinámicos, competitivos e sostibles.
- As accións e actividades levadas a cabo polas agrupacións de comerciantes que incrementen e melloren os servizos prestados aos pequenos comerciantes por medio da posta en marcha e a boa xestión de diferentes iniciativas.
- As boas prácticas comerciais: a profesionalidade, o desenvolvemento comercial, a imaxe, o compromiso co modelo de comercio tradicional e a proxección comercial do pequeno comercio.
- As boas prácticas comerciais: o bo facer, a introdución de modificacións significativas, a modernización, a imaxe e a proxección comercial dos comercios tradicionais.
- A posta en marcha de pequenos comercios impulsados por mulleres, a conciliación e o autoemprego feminino.

#### 3. MODALIDADES E DOTACIÓN ECONÓMICA

Establécense os seguintes premios:

- A) Premio provincial a concellos. Destinado a premiar as actuacións municipais de renovación, reforma e mellora das vilas contribuíndo á promoción e dinamización comercial. Recoñecer o desenvolvemento de actuacións municipais que pola súa contribución á mellora do entorno ur-



bano, e en consecuencia do comercio local, poidan servir de modelo e de referentes aos demais municipios da provincia de Pontevedra. 5.000€

- B) Premio provincial a Asociacións, Agrupacións de Comerciantes e Centros Comerciais Abertos. Destinado a galardoar a tarefa desenvolvida polas agrupacións de comerciantes da provincia de Pontevedra en prol do asociacionismo comercial e da profesionalización da figura da xerencia. Quere distinguir a traxectoria da entidade na súa xestión, nas iniciativas e nas actividades que desenvolve pola mellora do pequeno comercio. 2.500€

Este premio contará cun accésit. de 2.000€

- C) Premio provincial á innovación no pequeno comercio. Destinado a galardoar a pequenos comercios da provincia de Pontevedra que incorporen elementos innovadores sexa na súa imaxe, instalacións, servizo, envase, produto ou noutros aspectos que contribúan a realzar o seu valor competitivo, o desenvolvemento comercial e a modernización do seu negocio. 2.500€
- D) Premio provincial ao comercio tradicional. Destinado a galardoar a pequenos comercios da provincia de Pontevedra que contan polo menos con 10 anos de antigüidade que destacan especialmente pola súa profesionalidade, polo bo facer e pola introdución de modificacións significativas, novas tecnoloxías e elementos de modernidade na estrutura e/ou imaxe do comercio para adaptarse aos tempos e ter unha maior capacidade competitiva amosando unha visión comercial de presente e futuro. 2.500€
- E) Premio á muller emprendedora. Destinado a galardoar a pequenos comercios da provincia de Pontevedra dirixidos por mulleres, estimulando a posta en marcha de novos comercios, a conciliación da vida familiar e laboral e o autoemprego feminino. 2.500€

Os citados premios financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias

10/241.431.462.00 (Premio provincial a concellos), 10/241.431.489.01 (Premio Provincial a Asociacións, Agrupacións de Comerciantes e Centros Comerciais Abertos e accésit) e 10/241.431.470.01 (premios provinciais a empresarios individuais) do vixente orzamento provincial.

#### 4. REQUISITOS DAS CANDIDATURAS

- A)
- Premio provincial a concellos. Poderán ser candidatos todos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación non superior a 50.000 habitantes.
  - Premio provincial a Asociacións, Agrupacións de Comerciantes e Centros Comerciais Abertos. Poderán presentar a súa candidatura as asociacións e federacións de comerciantes sen fins de lucro que desenvolvan actividades cuxos beneficiarios sexan os pequenos comerciantes da provincia de Pontevedra.
  - Premio provincial á innovación no pequeno comercio. Poderán ser candidatos/as os empresarios/as autónomos/as e sociedades mercantís adicadas ao pequeno comercio incluídas nos epígrafes 64, 65 y 66 do Imposto sobre Actividades Económicas ou na rama 52 da CNAE e que non teñan máis de 8 empregados e que desenvolvan a súa actividade na provincia de Pontevedra.
  - Premio provincial ao comercio tradicional. Poderán ser candidatos/as os empresarios/as autónomos/as e sociedades mercantís adicadas ao pequeno comercio incluídas nos epígrafes 64, 65 y 66 do Imposto sobre Actividades Económicas ou na rama 52 da CNAE e que non teñan máis de 8 empregados, que conten polo menos con 10 anos de antigüidade e que desenvolvan a súa actividade na provincia de Pontevedra.
  - Premio á muller emprendedora. Poderán ser candidatas as empresarias autónomas e sociedades mercantís lideradas por mulleres dedicadas ao pequeno comercio incluídas nos epígrafes 64, 65 y 66 do Imposto sobre Actividades Económicas ou na rama 52 da CNAE que non teñan máis de 8 empregados e que desenvolvan a súa actividade na provincia de Pontevedra.
- B) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social de conformidade co establecido no Decreto 27/2008, de 3 de abril.

- C) Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no apartado 2 do artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- D) Non poderán optar a estes premios as persoas que teñan a condición de funcionario ou persoal laboral da Deputación de Pontevedra.
- E) A participación nesta convocatoria supón a aceptación tácita das presentes bases e a decisión irrevogable do seu xurado.

##### 5. CRITERIOS DE VALORACION

###### A) Premio provincial a concellos.

Os aspectos a valorar nas propostas que concorran a esta convocatoria deberán ser presentados en soporte papel e electrónico. Acreditaranse con fotografías (imprescindible presentalas en formato CD) e, de ser o caso, da documentación xustificativa precisa de xeito que o xurado poida valoralas.

- Actuacións impulsadas e desenvolvidas polos concellos orientadas a apoiar, e promocionar o comercio local e o asociacionismo comercial na vila. Ata 5 puntos.
  - Colaboración coa/s asociación/s de comerciantes locais.
  - Actividades e iniciativas que teñan efectos positivos na actividade comercial local.
  - Actividades e iniciativas de fomento e promoción do comercio local.
  - Servizos municipais de información, atención ao público, divulgación, seguimento e control da normativa comercial e de consumo.
  - Regulación dos espazos comerciais.
- Actuacións de urbanismo comercial que tiveron como obxectivo crear unha zona/espazo comercial amable e agradable. Ata 5 puntos.
  - Promoción, accesibilidade e sinalización da zona/espazo comercial.
  - Mellora do entorno, mobiliario urbano, iluminación, creación de espazos verdes, de lecer e de descanso nas zonas comerciais da vila.
  - Actuacións de mantemento e mellora de instalacións e equipamentos.

Considerarase mérito adicional calquera iniciativa e/ou innovación que facilite o desenvolvemento e competitividade do comercio local así como a satisfacción dos pequenos comerciantes da vila e da/s asociación/s de comerciantes locais.

###### B) Premio provincial a Asociacións, Agrupacións de Comerciantes e Centros Comerciais Abertos.

Os aspectos a valorar nas propostas que concorran a esta convocatoria deberán ser presentados en soporte papel e electrónico. Acreditaranse con fotografías (imprescindible presentalas en formato CD) e, de ser o caso, da documentación xustificativa precisa de xeito que o xurado poida valoralas.

- Accións e/ou actividades cuxos beneficiarios sexan os pequenos comerciantes da súa demarcación territorial dentro da provincia de Pontevedra. Ata 4 puntos.
- Que teñan ou estean en trámites para implantar unha xestión profesionalizada da asociación. Ata 2 puntos.
- Grao de asociacionismo respecto do nº de comercios da súa demarcación territorial de influencia. Ata 2 puntos.
- Que dende a asociación se ofrezca unha imaxe e conduta de actuación única. Ata 2 puntos.

Considerarase mérito adicional calquera iniciativa, actividade e/ou innovación que facilite o desenvolvemento e competitividade do comercio local así como a satisfacción dos comerciantes asociados.

###### C) Premio provincial á innovación no pequeno comercio.

Os aspectos a valorar nas propostas que concorran a esta convocatoria deberán acreditaranse con fotografías (imprescindible presentalas en formato CD) e, de ser o caso, da documentación xustificativa precisa de xeito que o xurado poida valoralas.



- Actuacións de marketing e mellora da imaxe e/ou da marca do comercio relacionadas coa orixinalidade e calidade do servizo que presta. Ata 5 puntos.
- Utilización das novas tecnoloxías e internet no desenvolvemento da actividade diaria. Ata 2 puntos.
- Participación do persoal en procesos de formación que repercutan directamente na satisfacción do consumidor. Ata 1 punto.
- Implantación de novos modelos de xestión. Ata 1 punto.
- Pertencer a algunha asociación / federación de comerciantes. Ata 1 punto.

Considerarase mérito adicional calquera innovación introducida no comercio e ou actividade / campaña promovida polo mesmo que facilite o seu desenvolvemento e competitividade así como a satisfacción dos clientes.

**D) Premio provincial ao comercio tradicional.**

Os aspectos a valorar nas propostas que concorran a esta convocatoria deberán acreditarse con fotografías (imprescindible presentalas en formato CD) e, de ser o caso, da documentación xustificativa precisa de xeito que o xurado poida valoralas.

- Introducción de modificacións significativas, novas tecnoloxías e elementos de modernidade na estrutura e/ou imaxe do comercio para adaptarse aos tempos e ter unha maior capacidade competitiva amosando unha visión comercial de presente e futuro. Ata 5 puntos.
- Que no desenvolvemento da actividade se teña producido revezamento xeracional nos últimos anos. Ata 3 puntos.
- Bo facer, profesionalidade e mantemento da tradición familiar. Ata 2 puntos.

Considerarase mérito adicional calquera mellora e innovación introducida no comercio e ou actividade / campaña promovida polo mesmo que facilite o desenvolvemento e competitividade do mesmo así como a satisfacción dos clientes ao longo da súa traxectoria.

**E) Premio á muller emprendedora.**

Os aspectos a valorar nas propostas que concorran a esta convocatoria deberán acreditarse con fotografías (imprescindible presentalas en formato CD) e, de ser o caso, da documentación xustificativa precisa de xeito que o xurado poida valoralas.

- Desenvolvemento da actividade en sectores tradicionalmente masculinos. Ata 3 puntos.
- Fomento da conciliación da vida familiar e laboral. Ata 3 puntos.
- Utilización das novas tecnoloxías e internet no desenvolvemento da actividade diaria. Ata 2 puntos.
- Fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Ata 2 puntos.

Considerarase mérito adicional calquera innovación introducida no comercio e ou actividade/campaña promovida polo mesmo que facilite o seu desenvolvemento e competitividade así como a satisfacción dos clientes.

**F) Para tódalas candidaturas**

Valoraranse con 5 puntos extra aquelas candidaturas que sexan presentadas correctamente sen que sexa necesaria a súa rectificación nin requirimento de documentación complementaria.

**6. ÓRGANO DE VALORACIÓN - XURADO**

A selección e proposta da concesión dos Premios Provinciais do Pequeno Comercio 2010 encoméndaselle a un xurado integrado polos seguintes membros:

- Presidente: O titular da Deputación de Pontevedra ou deputado en quen delegue.
- Vogais:
- Un/unha representante do sector da prensa da provincia de Pontevedra.

- O Deputado delegado do Servizo de Desenvolvemento Local e Fondos Comunitarios da Deputación de Pontevedra, dentro do que se enmarca a Área de Comercio do organismo provincial.
- Un/unha representante da Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia.
- Un/unha representante do Instituto Galego de Consumo.
- Dúas persoas nomeadas pola Presidencia estreitamente vinculadas co sector comercio.
- Un/unha representante do Servizo de Desenvolvemento Local e Fondos Comunitarios da Deputación de Pontevedra.
- Secretario: O secretario da entidade provincial ou funcionario/a en quen delegue.

Tódolos membros terán dereito a voto, menos o Secretario que asistirá ás reunións unicamente con voz.

O xurado valorará as candidaturas que reúnan os criterios establecidos en cada unha das modalidades atendendo aos datos incluídos no formulario de solicitude, ás memorias presentadas, á documentación aportada e valorando especialmente aqueles aspectos que supoñan unha contribución á imaxe dos valores desexables como distintivo do pequeno comercio da provincia de Pontevedra.

O xurado non poderá constituírse nin actuar sen contar coa asistencia de máis da metade dos seus membros, as súas decisións serán inapelables e está autorizado para resolver calquera dúbida de interpretación ou incidencia que poida xurdir, estea ou non contemplada nas presentes bases.

Aos membros do xurado que non manteñan relación laboral algunha coa Deputación de Pontevedra aboaráselle a cantidade de 45,00 € por cada reunión celebrada ata a resolución final dos premios, contía que será imputada á aplicación orzamentaria 10/241.431.226.40 do vixente orzamento provincial.

#### **7. PROCEDIMIENTO DE VALORACIÓN**

Unha vez rematado o prazo de presentación de candidaturas, o xurado reunirse no prazo máximo de quince días hábiles e procederá a realizar a valoración das candidaturas e á selección dos premiados.

O fallo do xurado respecto da adxudicación das candidaturas premiadas redactarase nunha acta detallada que será asinada por tódolos membros.

A presidencia ditará a resolución definitiva de adxudicación dos premios no prazo de 10 días hábiles dende a data de elevación da proposta do xurado e se fará pública na reunión anual "encontros 2010. II Gala Provincial do Pequeno Comercio" e na páxina web da Deputación de Pontevedra ([www.depo.es](http://www.depo.es)).

A resolución desestimarás expresamente as demais candidaturas presentadas e porá fin á vía administrativa.

A concesión destes premios será compatible con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente de calquera Administración ou ente público.

#### **8. ENTREGA DE PREMIOS**

Os II Premios Provinciais do Pequeno Comercio, entregaranse no marco da reunión anual "encontros 2010. II Gala Provincial do Pequeno Comercio", acto institucional organizado pola Deputación de Pontevedra durante o que se fará público o nome dos/as premiados/as.

Os representantes das candidaturas premiadas obríganse a recoller persoalmente os galardóns correspondentes no acto oficial de entrega dos mesmos, considerándose o feito de non facelo, que renuncian a eles.

#### **9. DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA**

As candidaturas deberán formularse mediante solicitude asinada polo representante legal de cada concello, agrupación de comerciantes e/ou comercio segundo o modelo oficial e o Anexo I xunto coa que achegarán os seguintes documentos:



- Memoria descriptiva que en cada caso recollerá: as actuacións municipais, as tarefas desenvolvidas polas agrupacións de comerciantes, as medidas e/ou elementos innovadores introducidos no comercio, as boas prácticas comerciais, os traballos ou experiencias desenvolvidas, os medios técnicos e humanos empregados ou calquera outro dato susceptible de ser valorado positivamente polo xurado e que sexa coherente coa modalidade do premio ao que opta.
- Fotocopia compulsada do NIF do concello, agrupación de comerciantes ou comercio particular.
- Fotografías en formato papel e dixital (CD/DVD):
  - Na modalidade A), 5 fotografías das actuacións de renovación urbana comercial e/ou das actuacións municipais que contribuíron á mellora do comercio, e en consecuencia do entorno urbano do concello candidato e outras 5 que amosen o estado previo á/ás mesma/s.
  - Na modalidade B), de ser o caso, 5 fotografías das tarefas desenvolvidas polas agrupacións de comerciantes para fomentar o asociacionismo comercial así como das iniciativas que desenvolveu en prol da mellora do comercio urbano.
  - Nas modalidades C), D), E), 3 fotografías exteriores (fachada completa do comercio, incluído o rótulo, escaparates e porta de entrada), 4 da sala de vendas do antes e do despois (nos casos nos que compra).
- Certificado ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. (Anexo I).
- Certificado ou declaración responsable de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións. (Anexo I).
- Declaración de non ter a condición de funcionario ou persoal laboral da Deputación de Pontevedra. (Anexo I).

#### 10. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS CANDIDATURAS

As candidaturas presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación das candidaturas será de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Se o último día de presentación de solicitudes coincidira en domingo ou festivo, prorrogarase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte.

#### 11. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os/as beneficiarios/as dos Premios Provinciais do Pequeno Comercio 2010 estarán suxeitos ás obrigas que con carácter xeral se establecen no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

#### 12. PUBLICIDADE

Os concellos, agrupacións de comerciantes e pequenos comercios premiados deberán facer publicidade desta condición convocando unha rolda de prensa posterior á entrega dos premios co gallo de publicitar a súa condición de premiado. Ademais comprometeranse a facer constar este recoñecemento en membretes, anuncios, memorias así como publicar ou difundir a concesión do premio nos medios de comunicación.

A Deputación de Pontevedra poderá facer difusión e publicidade do concello, agrupación de comerciantes ou pequenos comercios que acadaran a condición de gañadores e/ou finalistas.

#### 13. PAGAMENTO

Para o aboamento do importe económico dos premios, os concellos, agrupacións de comerciantes e pequenos comercios deberán aportar no prazo de un mes dende a resolución dos mesmos, a documentación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa



Seguridade Social xunto coa documentación necesaria para efectuar a transferencia (documento bancario acreditativo da titularidade da conta cuxo titular sexa o concello, agrupación de comerciantes ou representante legal do pequeno comercio premiado) no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra.

Os premios serán aboados no prazo de 6 meses dende a presentación da devandita documentación.

O incumprimento da presentación desta documentación no prazo correspondente suporá a perda dos dereitos dos premios.

#### 14. XURISDICCIÓN APLICABLE

En todo o non previsto nas presentes bases establecerase o disposto na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da citada Lei 38/2003 e supletoriamente na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e en calquera outra norma de dereito administrativo que pola súa propia natureza puidera serlle de aplicación.

#### 15. ANEXOS

O modelo de solicitude referida nas bases será facilitada a través da páxina web: [www.depo.es](http://www.depo.es).

Pontevedra, 07 de outubro de 2010.—O Presidente, ilexible.—O Secretario, ilexible. 2010010828

---

---

## AYUNTAMIENTOS

### PONTEVEDRA

#### *ANUNCIO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE REHABILITACIÓN DA ZONA DEGRADADA POLAS TRASEIRAS DOS EDIFICIOS DO RUEIRO 135 FRONTE AO SANTUARIO DA VIRXE PEREGRINA, FORMULADO POR ESTE CONCELLO.*

O Pleno da Corporación, na sesión que tivo lugar o 23/07/10, prestou aprobación definitiva ao Plan especial de rehabilitación da zona degradada polas traseiras dos edificios do rueiro 135, fronte ao santuario da Virxe Peregrina así como a documentación escrita e gráfica integrante do proxecto redactadas polo arquitecto xefe da Oficina Municipal de Planeamento e Xestión Urbanística, don Carlos García Velasco, datado en novembro do 2009, incluíndo folios 7 e 8 da memoria da mesma autoría corrixidos o 28/04/10, instrumento urbanístico ao que lle será de obrigado cumprimento o condicionado do informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 21/10/2009, desestimando as alegacións formuladas por don Luis Losada Baquero e por don Arturo Pichel Márquez en interese da entidade mercantil "COMOCA, S.A." no período de información pública do expediente, con fundamento no informe emitido polo arquitecto xefe da Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística o 16/04/10, que se incorpora ao texto do presente e sèrvelle de motivación consonte ao art. 89.5 da Lei 30/1992 e nas consideracións expresadas no expositivo do presente acto.

Faise constar expresamente que se remitiu a documentación á que se refire o art. 92.3 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, tendo entrada nese organismo en data 12/08/10.

Consonte ao disposto no punto 2º do referido acordo, practicouse a notificación persoal e individual a tódolos propietarios ou interesados no procedemento directamente afectados e tendo en conta que non todos poideron ser notificados individualmente ben por descoñecidos ou porque se ignore o lugar de notificación, dirección, medio, ou tentada a notificación non se puido practicar, de conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por medio deste anuncio, enténdese por